

## NOTA DE PRENSA

# A Casa de la Troya celebra este venres a derradeira visita cultural teatralizada polo centro histórico de Santiago e o museo deste verán

## O sábado 30, último día para percorrer o museo, que permanecerá pechado ata a vindeira Semana Santa

---

*Santiago, 21 de setembro de 2017 (Vía Láctea Comunicación).*- O Museo Casa de la Troya pecha as súas portas ao público ata a vindeira Semana Santa. Poderá visitarse esta semana e a seguinte, o venres e o sábado, en horario de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas. Os venres estará aberto ata as 22:00 horas.

Como peche das actividades de verán, a Casa de la Troya organizará a derradeira visita cultural teatralizada polo centro histórico de Santiago e o museo. Terá lugar este venres día 22. O percorrido, que partirá como é habitual da praza do Toural, comezará ás 20:30 horas, cunha duración estimada dunha hora e media, rematando cunha visita guiada ao museo, que concluirá sobre as 22:00 horas.

O número máximo de participantes por cada un destes roteiros dramatizados será de 15 e terá un custo de 5 euros por persoa. A inscrición para participar nos mesmos pode facerse chamando ao teléfono do museo (**981 585 159**) os días de apertura.

Esta actividade dos “Venres Troianos” púxose en marcha o pasado mes de maio con grande éxito de público, o que obrigou aos seus promotores a ampliála ás datas estivais. Son roteiros culturais teatralizados por diferentes rúas e prazas do centro histórico de Compostela, seguidos dunha visita ao propio museo.

“Con esta iniciativa buscamos dar a coñecer o museo e contextualizalo no marco da cidade e do seu tempo” -explica **Benigno Amor**, vicepresidente do Padroado da Casa de la Troya-. “Pretendemos que a experiencia resulte interesante e entretida para o público de todas as idades. Precisamente as familias están a ter unha gran presenza nestes roteiros” -resalta-.

### **Un guía caracterizado como un dos personaxes da novela de Pérez Lugín vencella os lugares que se visitan coa trama do libro**

O guía turístico **Suso Martínez**, historiador, divulgador e actor especializado na historia de Galicia, que leva máis dunha década realizando visitas guiadas dramatizadas, fai estas rutas caracterizado como un dos personaxes da novela *La casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín, o estudante Barcala. Combina a información cultural e histórica co humor e vencella os lugares que se visitan coa trama do libro. “Fai moi ameno o relato dos feitos históricos e facilita que os participantes se acheguen ao tempo no que transcorre a novela” -sinala **Amor**-.